Todas as probas propostas na guía docente para as próximas convocatorias, mantéñense en calquera do tres modalidades de ensino previstas: presencial, mixta e a distancia, para o curso 2020-21. Os criterios de avaliación, así como a súa \*\*ponderación sobre a nota final, mantéñense, tanto para o alumnado asistente, como para o non asistente. Os procedementos ou tipoloxía de probas de avaliación, tampouco se modifican no seu contido, pero si no seu modo de execución, no caso dos dous potenciais escenarios docentes extraordinarios previstos. Así, no caso de estar nunha situación de ensino mixto ou semipresencial, as probas de avaliación poderán ser organizadas de modo presencial, dependendo das instalacións e medios dispoñibles. Si non fose posible facelas presencialmente, combinaríase a modalidade presencial coa virtual ou se realizarían exclusivamente de forma virtual.

Si a situación é de ensino a distancia, todas as probas de avaliación realizaranse de modo virtual.

Probas que se modifican

Para o curso 2020-2021, non hai modificacións nas probas de avaliación, excepto no referido á modalidade de avaliación: presencial ou virtual, dependendo do escenario sanitario no que leve a cabo a docencia.

Novas probas:

Non se prevén novas probas de avaliación.

Información adicional

Non hai.

---

**DATOS IDENTIFICATIVOS****Sistema Educativo e Educación en Valores**

Materia	Sistema Educativo e Educación en Valores			
Código	P02M066V03104			
Titulación	Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obligatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade: Ciencias Experimentais. Educación Física			
Descritores	Creditos ECTS 3.5	Sinale OB	Curso 1	Cuadrimestre 1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Análise e intervención psicosocioeducativa			
Coordinador/a	Soto Carballo, Jorge Genaro			
Profesorado	Soto Carballo, Jorge Genaro			
Correo-e	aipsedep@gmail.com			
Web	<a href="http://http://educativo95.wordpress.com">http://http://educativo95.wordpress.com</a>			

Descrición xeral Toda práctica educativa de intervención educativa funda as súas raíces no sistema de ideas, procedementos e valores que os seus fins lle asignan. A posición dun/ha profesional do campo educativo que quere educar ser ter unha teoría clara e definida da educación sería tan irracional como a de aquel que quere guiar a alguén sen saber de onde parte, por onde vai e onde se dirixe.

Ésta é a razón pola que antes de deseñar o desenvolvemento de calquera intervención pedagóxica, o profesorado debe ter clara unha Teoría da Educación que guíe a determinación do proceso educativo e a selección dos medios para logralo.

Para elo, e en primeiro lugar é necesario precisar que é a Teoría da Educación, que lonxe de referirse exclusivamente a cuestións teóricas acerca da educación e polo tanto afastadas das realidades educativas, incide polo contrario en todos os aspectos propios da práctica educativa. Polo tanto, a Teoría da Educación significa coñecer para facer, saber para logo aplicar mellor as innovacións educativas i, en definitiva, para mellorar a calidade da educación.

A continuación é obrigado determinar qué entendemos por educación, xa que ao ser un termo de uso habitual na vida cotiá porque a todas as persoas afecta de algún modo, todo o mundo se atrevería a dar unha definición de educación.

Ademais, existen moitos conceptos afíns á educación como formación, ensino, aprendizaxe, instrución, capacitación, que se empregan en moitas ocasións como termos similares e que deben diferenciarse para a súa correcta utilización.

Así mesmo, a educación non se pode reducir á que é impartida na escola -Educación Formal-, xa que as persoas se educan máis alá de ela e os influxos que se reciben a partir de outros medios son tanto ou máis potentes que os que proceden da escola e incluso interfíren na súa acción.

Polo tanto, faise necesario traballar os conceptos de -Educación Non Formal-, definida como o conxunto de procesos, medios e institucións específica e diferenciadamente deseñados en función de explícitos obxectivos de formación, que non están directamente dirixidos á provisión dos graos propios do sistema educativo regrado, e o de -Educación Informal- que se referiría a aqueles procesos educativos que se producen indiferenciados de outros procesos sociais, que non foron institucionalizados nin sistematizados, que se dan no curso ordinario da vida.

Un dos factores que influíu na crecente importancia que se lle otorgou tanto á Educación Non Formal como á Educación Informal foi o cambio nos valores defendidos pola sociedade, da defensa da virilidade ou a guerra pasouse á defensa da paz ou a tolerancia, valores nos que ata agora non educaba a escola e que a partir da transversalidade como a LOXSE e da inclusión da Educación en Valores da LOE si serían incluídos nos seus contidos.

Tendo en conta que a saída profesional deste curso de posgrao é a de ser docente en Secundaria é polo que un bloque de contido centrarase exclusivamente no sistema educativo, co fin de introducir ao alumnado no universo da educación, prestando especial atención aos elementos que integran o sistema e ás súas funcións en relación coa acción educativa. En consecuencia considéranse os axentes socioeducativos e as súas responsabilidades pero tamén se presta especial atención a algunhas institucións fundamentais como o Estado ou as Comunidades Autónomas en tanto responsables da normativa educativa, responsables da redacción e desenvolvemento da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. A análise da situación actual complementábase cunha breve perspectiva histórica, considerando os retos e desafíos de futuro (LOMCE □ Lei Orgánica de Mellora e Calidade da Educación).

## Competencias

### Código

B1	Coñecer os contidos curriculares das materias relativas á especialización docente correspondente.
B13	Coñecer a normativa e organización institucional do sistema educativo e modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros de ensino
B16	Traballar en equipo con outros profesionais da educación, enriquecendo a súa formación.
B18	Aplicar os coñecementos adquiridos e a capacidade de resolución de problemas a contornas educativas novas ou pouco coñecidos.
C6	Coñecer a evolución histórica do sistema educativo no noso país.
C9	Participar na definición do proxecto educativo e nas actividades xerais do centro atendendo a criterios de mellora da calidade, atención á diversidade, prevención de problemas de aprendizaxe e convivencia.
C10	Relacionar a educación co medio e comprender a función educadora da familia e a comunidade, tanto na adquisición de competencias e aprendizaxe como na educación no respecto dos dereitos e liberdades, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.
D1	Utilizar bibliografía e ferramentas de procura de recursos bibliográficos xenerais e específicos, incluíndo o acceso por Internet.
D2	Xestionar de forma óptima o tempo de traballo e organizar os recursos dispoñibles, establecendo prioridades, camiños alternativos e identificando erros lóxicos na toma de decisións.

**Resultados de aprendizaxe**

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecer a evolución histórica do sistema educativo no noso país.	B1 B13 B16 B18 C6 C9 C10 D1 D2 D3

**Contidos**

Tema	
Bloque temático 1. O universo educativo: concepto de educación. Os escenarios educativos (Educación Formal, Non Formal e Informal).	1.1. Concepto de educación: características xerais e diferenciadoras. 1.2. Clarificación terminolóxica. 1.3. Dimensións e piares da educación. 1.4. Os escenarios educativos: educación formal, non formal e informal. 1.5. Da escola tradicional ás escolas renovadas.
Bloque temático 2. O sistema educativo. Os axentes socioeducativos (educadores, estudantes, familia) e a súa evolución.	2.1. O sistema educativo español. Análise histórica. LOXSE, LOCE, LOE, LOMCE. 2.2. A estrutura do sistema educativo despois da LOE. Ensinanzas obrigatorias e posobrigatorias. A Educación Secundaria e o Bacharelato. A Formación Profesional. As Ensinanzas de Idiomas. 2.3. Institucións e axentes no sistema educativo. O rol do Estado e o rol das Comunidades Autónomas. Os centros educativos. Profesorado e alumnado. As familias. As asociacións escolares.
Bloque temático 3. A Educación en Valores.	3.1. Marco conceptual da Educación en Valores e Actitudes. Hacia unha convivencia pacífica. 3.2. Metodoloxía i estratexias didácticas ante os valores e as actitudes. 3.3. Avaliación de valores e actitudes. 3.4. Actitudes do profesorado ante os valores controvertidos. 3.5. A Declaración Universal dos Dereitos Humanos e a Declaración dos Dereitos da Infancia: contexto de actuación para a Educación en Valores e Actitudes.

**Planificación**

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballo tutelado	10	15	25
Resolución de problemas de forma autónoma	6	12	18
Prácticas con apoio das TIC (Repetida, non usar)	0	14.5	14.5
Lección maxistral	12	18	30

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

**Metodoloxía docente**

	Descrición
Traballo tutelado	Os traballos de aula versarán sobre unha temática previamente aportada polo profesor e relacionada coas temáticas dos bloques de contido.
Resolución de problemas de forma autónoma	O profesor ofertará ó alumnado unha escolmna de textos. O alumno pola súa banda elixirá entre os textos ofertados. Consistirá nun análise crítico-reflexivo relacionado con as temáticas traballadas dentro dos contidos. Asimismo dentro da resolución de problemas e/ou exercicios abordarase a visualización de vídeos susceptibles de enriquecer a materia e completetaria á información e os contados que se desenvolvan nas clases.
Prácticas con apoio das TIC (Repetida, non usar)	Os alumnos pola súa banda, coa oportuna orientación do profesor, afondarán en cuestións concretas que non foran abordadas máis que dun xeito moi xenérico na exposición deste e que sexan susceptibles de tratamento de estudio recorrendo ós soportes documentais e bibliográficos pertinentes. O alumno realizará procuras documentais e bibliográficas para a maior comprensión dos bloques de contido. Neste sentido, apoiarase nas fontes e bases de datos especializadas tanto da biblioteca da nosa universidade como doutras fontes atopadas a través de internet.

Lección maxistral	As leccións que conforman o temario desta materia serán elaborados e presentados de maneira expositiva ó grupo de clase polo profesor. O profesor centrará a súa exposición, preferentemente, nos aspectos nucleares de cada unidade didáctica, procurando ofrecer de maneira condensada a información esencial que posibilite obter unha visión panorámica ou de síntese de cada tema, delimitando os conceptos, as ideas e os argumentos nel implicados e imbricándose cos demais do programa a fin de lograr unha integración dos módulos de contido e dos aspectos estruturais que conforman o corpus cognitivo da materia.
-------------------	---

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	A atención personalizada ten por obxectivo facer o seguimento da evolución do alumno e apoiar o seu traballo dentro da asignatura. O profesor abordará aqueles aspectos que precisen de reforzo, asesoramente e guía para que o alumno acade os obxectivos marcados para esta materia.
Traballo tutelado	A atención personalizada ten por obxectivo facer o seguimento da evolución do alumno e apoiar o seu traballo dentro da asignatura. O profesor abordará aqueles aspectos que precisen de reforzo, asesoramente e guía para que o alumno acade os obxectivos marcados para esta materia.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Traballo tutelado	Estes traballos versarán sobre unha temática previamente aportada polo profesor e consensuada co alumno/a e relacionada coas temáticas dos bloques de contido.	30	B1 B13 B18	C10	D1 D2 D3
Resolución de problemas de forma autónoma	O profesor ofertará ó alumnado unha escolmna de textos. O alumno pola súa banda elixirá entre os textos ofertados. Consistirá nun análise crítico-reflexivo relacionado con as temáticas traballadas dentro dos contidos. Asimismo dentro da resolución de problemas e/ou exercicios abordarase a visualización de vídeos susceptibles de enriquecer a materia e completetaria á información e os contados que se desenvolvan nas clases.	20	B18	C10	D1 D2 D3
Lección maxistral	As leccións que conforman o temario desta materia serán elaborados e presentados de maneira expositiva ó grupo de clase polo profesor. O profesor centrará a súa exposición, preferentemente, nos aspectos nucleares de cada unidade didáctica, procurando ofrecer de maneira condensada a información esencial que posibilite obter unha visión panorámica ou de síntese de cada tema, delimitando os conceptos, as ideas e os argumentos nel implicados e imbricándose cos demais do programa a fin de lograr unha integración dos módulos de contido e dos aspectos estruturais que conforman o corpus cognitivo da materia.	50	B1 B13 B18	C6 C9	D1 D2 D3

### Outros comentarios sobre a Avaliación

A cualificación final da disciplina resultará da integración das distintas notas. Deberán ser superadas todas as partes para poder obter unha calificación positiva. O alumno que non realice todas as actividades de avaliación obterá unha cualificación final de SUSPENSO. Na segunda convocatoria avaliarase mediante un exercicio escrito.

### Bibliografía. Fontes de información

#### Bibliografía Básica

DELORS, J., **La educación encierra un tesoro**, Santillana, 1996

PUIG, J. M<sup>a</sup> et al., **Aprendizaje servicio: educar para la ciudadanía**, Octaedro, 2007

SARRAMONA, J., **Teoría de la educación. Reflexión y normativa pedagógica**, Ariel Educación, 2000

CARREÑO, M (edit.), **Teorías e Instituciones contemporáneas de educación**, Síntesis Educación, 2000

#### Bibliografía Complementaria

### Recomendacións

### Plan de Continxencias

#### Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen

atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

\* Metodoloxías docentes que se manteñen

Non hai cambios respecto á guía docente inicial.

Traballos tutelados.- Relacionados coa temática da materia.

Resolución de problemas de xeito autónomo.- Consistirán na realización dun análise crítico e reflexivo de texto ofertados relacionados co contido da materia.

Lección maxistral.- As leccións que conforman o temario da materia. O profesorado centrará a exposición, preferentemente, nos aspectos nucleares de cada unidade didáctica, apoiado de medios visuais e bibliográficos.

\* Metodoloxías docentes que se modifican

Non existen modificacións con respecto á guía docente, Si, en canto ao modo de realización da docencia, xa que se empregará a metodoloxía virtual.

A plataforma de teledocencia da Universidade de Vigo (Faitic e Campus virtual) será o recurso para levar a cabo a actividade da materia.

\* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías):

Realizarase atención, seguimento e apoio do alumnado a través dos sistemas de comunicación on-line facilitados polo UVIGO correo electrónico, Faitic e despacho virtual.

Modalidade de concertación: previa cita.

\* Modificacións (se procede) dos contidos a impartir: Non hai modificacións respecto á guía docente inicial.

\* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe:

Sumamos á existente inicialmente a que se refire:

Celestin Freinet. Técnicas Freinet da Escola Moderna.1ª ed . Editorial Kalandraka. 2019.

Colom Anton , Dominguez Emilia, Sarramona Jaume. Formación básica para los profesionales de la educación. Barcelona. Editorial Ariel, S.A.

Francesco Tonucci. A cidade dos nenos. 1ª ed. De 11/2016 en galego. Editorial Kalandraka, 2016.

Francesco Tonucci. Cando os nenos din basta!.1ª ed. 2016 en galego.Editorial Kalandraka, 2016.

Gonzalo Jover, Vincent González, Miriam Prieto. Una filosofía de la educación del siglo XXI. Editorial Síntesis, S.A, 2017.

Maria Montessori. Educación para un mundo novo. 1ª ed. 2016 en galego. Editorial Kalandraka, 2016.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Non existen modificación en referencia as mesma, SI en canto ao peso:

- Traballos monográficos tutelados (30%)

- Resolución de problemas de xeito autónomo (Dossier) (25%)

- Lección maxistral - Exame de preguntas curtas (50%)

\* Probas que se modifican

Traballos monográficos tutelados: a modificación correspóndese ao xeito de realizar a actividade, de forma virtual

Resolución de problemas de xeito autónomo (Dossier): non hai modificación

Lección Maxistral - Exame de preguntas curtas: exame de preguntas curtas a través do Campus Remoto e/ou Faitic.

\* Información adicional:

A cualificación final da materia é continuada, coa integración das distintas notas, que deberán ser positivas. No exame de xullo avaliarase mediante o exercizo escrito, a entrega do traballo monográfico e o dossier (calquera das partes xa resoltas de xeito positivo, matera vixente está situación na segunda convocatoria). O o alumno/a que non teña realizadas todas as actividades de avaliación obtén a calificación de SUSPENSO.

---

**DATOS IDENTIFICATIVOS****A Educación Física na Educación Secundaria**

Materia	A Educación Física na Educación Secundaria			
Código	P02M066V03213			
Titulación	Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obligatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade: Ciencias Experimentais. Educación Física			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	8	OB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Didácticas especiais			
Coordinador/a	Alvariñas Villaverde, Mirian			
Profesorado	Alvariñas Villaverde, Mirian			
Correo-e	myalva@uvigo.es			
Web				

**Descrición**

xeral Esta materia aborda aspectos xerais relativos á evolución da educación física, aos diferentes marcos de referencia que tivo e ás variacións no seu obxecto de estudo, partindo de concepcións pasadas ata chegar aos significados e formulacións actuais da mesma. Así mesmo, e a través dunha perspectiva educativa, desenvólvese a historia desta materia no sistema educativo, estudando como evolucionaron as intencións e funcións da educación física na escola.

A materia supón o punto de partida para coñecer, non só o contexto histórico e conceptual, senón tamén o curricular. Deste xeito, destinaremos parte da materia ao estudo da evolución do currículo da educación física, neste caso concreto, na Educación Secundaria.

Por outra banda, tal e como se especifica na descrición dos contidos desta materia achegada na memoria para a solicitude de verificación do título, profundaremos no traballo docente en equipo, en como se pode e debe traballar de maneira conxunta nesta etapa educativa en relación coa educación física.

Finalmente, traballaremos con especial dedicación a atención á diversidade do alumnado, enfocada á educación física na Educación Secundaria; en primeiro lugar, profundaremos no seu coñecemento/compreensión e na variedade de colectivos que se integran dentro deste concepto, para abordar posteriormente, e de forma moito máis concreta, o traballo con certos grupos de interese, realizando experiencias prácticas e de investigación.

**Competencias**

Código	
B1	Coñecer os contidos curriculares das materias relativas á especialización docente correspondente.
B2	Coñecer o corpo de coñecementos didácticos ao redor dos procesos de ensino e aprendizaxe respectivos.
B3	Planificar, desenvolver e avaliar o proceso de ensino e aprendizaxe potenciando procesos educativos que faciliten a adquisición das competencias propias dos respectivos ensinos, atendendo ao nivel e formación previa dos estudantes, así como á orientación dos mesmos, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro.
B4	Buscar, obter, procesar e comunicar información (oral, impresa, audiovisual, dixital ou multimedia), transformala en coñecemento e aplicala aos procesos de ensino e aprendizaxe nas materias propias da especialización cursada.
B6	Deseñar e desenvolver metodoloxías didácticas tanto grupais como personalizadas, adaptadas á diversidade dos estudantes.
B7	Deseñar e desenvolver espazos de aprendizaxe, con especial atención á equidade, a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, a formación cidadá e o respecto aos dereitos humanos que faciliten a vida en sociedade, a toma de decisións e a construción dun futuro sustentable.



B8	Adquirir estratexias para estimular o esforzo do estudante e promover a súa capacidade para aprender por se mesmo e con outros e desenvolver habilidades de pensamento e de decisión que faciliten a autonomía, a confianza e iniciativas persoais.
B9	Coñecer os procesos de interacción e comunicación na aula e dominar destrezas e habilidades sociais necesarias para fomentar a aprendizaxe e a convivencia na aula e abordar problemas de disciplina e resolución de conflitos
B14	Coñecer e analizar as características históricas da profesión docente, a súa situación actual, perspectivas e interrelación coa realidade social de cada época.
B17	Desenvolver hábitos e actitudes para aprender a aprender ao longo do seu posterior desenvolvemento profesional.
B18	Aplicar os coñecementos adquiridos e a capacidade de resolución de problemas a contornas educativas novas ou pouco coñecidos.
C1	Coñecer as características dos estudantes, os seus contextos sociais e motivacións.
C2	Comprender o desenvolvemento da personalidade destes estudantes e as posibles disfuncións que afectan a aprendizaxe.
C3	Elaborar propostas baseadas na adquisición de coñecementos, destrezas e aptitudes intelectuais e emocionais.
C4	Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxes.
C6	Coñecer a evolución histórica do sistema educativo no noso país.
C8	Promover accións de educación emocional, en valores e formación cidadá.
C10	Relacionar a educación co medio e comprender a función educadora da familia e a comunidade, tanto na adquisición de competencias e aprendizaxe como na educación no respecto dos dereitos e liberdades, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.
C14	Coñecer o valor formativo e cultural das materias correspondentes á especialización.
C15	Coñecer os contidos que se cursan nos respectivos ensinós.
C16	Coñecer a historia e os desenvolvementos recentes das materias e as súas perspectivas para poder transmitir unha visión dinámica das mesmas.
C17	Coñecer contextos e situacións en que se usan ou aplican os diversos contidos curriculares
C18	Coñecer os desenvolvementos teórico-prácticos do ensino e a aprendizaxe das materias correspondentes.
C20	Adquirir criterios de selección e elaboración de materiais educativos.
C22	Integrar a formación en comunicación audiovisual e multimedia no proceso de ensino-aprendizaxe.
C24	Coñecer e aplicar propostas docentes innovadoras no ámbito da especialización cursada.
C25	Analizar críticamente o desempeño da docencia, das boas prácticas e da orientación utilizando indicadores de calidade.
C26	Identificar os problemas relativos ao ensino e a aprendizaxe das materias da especialización e expor alternativas e solucións.
C27	Coñecer e aplicar metodoloxías e técnicas básicas de investigación e avaliación educativas e ser capaz de deseñar e desenvolver proxectos de investigación, innovación e avaliación.
C28	Adquirir experiencia na planificación, na docencia e na avaliación das materias correspondentes á especialización.
C29	Acreditar un bo dominio da expresión oral e escrita na práctica docente.
C30	Dominar as destrezas e as habilidades sociais necesarias para fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e a convivencia.
D1	Utilizar bibliografía e ferramentas de procura de recursos bibliográficos xenerais e específicos, incluíndo o acceso por Internet.
D2	Xestionar de forma óptima o tempo de traballo e organizar os recursos dispoñibles, establecendo prioridades, camiños alternativos e identificando erros lóxicos na toma de decisións.
D3	Potenciar a capacidade para o traballo en contornas cooperativas e pluridisciplinarias

### Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
O alumnado será capaz de comprender e analizar cuestións diversas derivadas do coñecemento da educación física, da súa evolución e estruturación, reflexionando sobre os significados pasados e actuais da mesma e as súas consecuencias pedagóxicas e sociais.	B1 B4 B8 C6 C10 C14 C15 C16 C29 D1 D2 D3

O alumnado será capaz de coñecer a historia da educación física no sistema educativo, analizando a evolución do seu modelo curricular no ensino secundario.	B1 B2 B14 C6 C16
O alumnado será capaz de comprender a importancia do traballo docente en equipo e de examinar diferentes técnicas de aplicación en educación física no ensino secundario.	B17 C10 C25 C26 D3
O alumnado será capaz de valorar a atención á diversidade en educación física, deseñando e executando propostas prácticas innovadoras e construtivas.	B1 B2 B3 B4 B6 B7 B8 B9 B18 C1 C2 C3 C4 C8 C10 C14 C15 C17 C18 C20 C22 C24 C25 C26 C27 C28 C29 C30 D1 D2 D3
O alumnado será capaz de deseñar e expor en público un traballo relacionado cos contidos da materia, utilizando diferentes técnicas de procura bibliográfica e novas tecnoloxías.	B4 B17 B18 C3 C15 C20 C22 C24 C25 C26 C27 C29 D1 D2 D3
O alumnado será capaz de participar de forma activa na resolución de problemas expostos na materia.	B4 B9 B17 B18 C3 C4 C26 C27 C28 C30 D2

<b>Contidos</b>	
Tema	
BLOQUE 1.	Consideracións xerais en torno ao coñecemento da educación física; evolución e desenvolvemento das distintas concepcións e do seu obxecto de estudo. Estructuración do coñecemento sobre educación física.
BLOQUE 2.	A educación física: natureza e significado actual.
BLOQUE 3.	A educación física no sistema educativo: historia da educación física no sistema educativo e evolución das funcións da educación física escolar.
BLOQUE 4.	Evolución do modelo curricular da educación e da educación física escolar: marco curricular da educación física no ensino secundario.
BLOQUE 5.	O profesorado, traballo docente en equipo. A atención á diversidade do alumnado. Procedementos e técnicas específicas para o traballo en educación física no ensino secundario.

<b>Planificación</b>			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas	8	10	18
Prácticas con apoio das TIC (Repetida, non usar)	0	20	20
Traballo tutelado	8	15	23
Estudo previo	0	25	25
Prácticas de campo	8	10	18
Traballo tutelado	8	20	28
Lección maxistral	7	20	27
Traballo	0	30	30
Presentación	1	10	11

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

<b>Metodoloxía docente</b>	
	Descrición
Resolución de problemas	Durante as clases presenciais e tamén a través da plataforma realizaranse pequenos exercicios
Prácticas con apoio das TIC (Repetida, non usar)	A través da plataforma virtual o alumnado terá acceso a algúns documentos da materia así como a un espazo para realizar tutorías virtuais e desenvolver actividades se así se expuxesen
Traballo tutelado	Elabórase en grupo ou de forma individual un documento sobre a temática da materia. O seguimento dos traballos será realizado a través das titorías que poderán ser individuais ou grupais dependendo do número de estudantes matriculados/as
Estudo previo	Búsqueda, lectura e traballo de documentación previo ás clases, realizado de maneira autónoma
Prácticas de campo	Experiencias prácticas relacionadas coa materia, para ter coñecemento da realidade social e humana que o marco teórico non pode dar
Traballo tutelado	Baixo a supervisión da docente, o alumnado desenvolve exercicios na aula
Lección maxistral	Parte dos contidos da materia serán expostos en forma de lección maxistral por parte da profesora. Tamén o alumnado pode usar esta metodoloxía.

<b>Atención personalizada</b>	
Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	TUTORÍAS DA DOCENTE E AULA
Prácticas con apoio das TIC (Repetida, non usar)	TUTORÍAS DA DOCENTE
Traballo tutelado	TUTORÍAS DA DOCENTE
Traballo tutelado	TUTORÍAS DA DOCENTE E AULA

<b>Avaliación</b>			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Resolución de problemas	Participación activa e resolución de exercicios/problemas expostos en clase	15	B1 B4 B7 B8 B9 B17 B18	C3 C6 C8 C10 C14 C16 C17 C18 C26 C27 C30	D1 D2 D3
Prácticas con apoio das TIC (Repetida, non usar)	Participación a través da plataforma se se expuxese o caso, se non, este 10% incluíríase no apartado de resolución de problemas en clase	10	B4 B17 B18	C3 C15 C20 C22 C24 C25 C26 C27 C29	D1 D2 D3
Prácticas de campo	Experiencia práctica para ter coñecemento da realidade social	20	B3 B6 B7 B8 B9 B17	C1 C2 C4 C17 C20 C24 C26	D2
Traballo tutelado	Desenrolo de exercicios ou proxectos baixo a supervisión da docente	15	B2 B3 B4 B6 B7 B14 B17	C3 C4 C17 C18 C20 C25 C28 C29	D1 D3
Traballo	Realización dun traballo relacionado cos contidos da materia	30	B4 B17	C22 C29	D2
Presentación	Exposición dun traballo en público	10		C17 C29	D1

### Outros comentarios sobre a Avaliación

A avaliación **continua** implica a asistencia a un 80% das clases. As persoas que superen esta porcentaxe serán avaliadas segundo se define no paso 7 (avaliación):

Apartado A: participación activa e exercicios en clase (15%) + prácticas a través das TIC (10%) + traballos de aula (15%) + prácticas de campo (20%) = **60%**.

Apartado B: execución do traballo (40%) e exposición do mesmo(10%) = **40%**.

A avaliación **final** faise se non se acadou o 80% da asistencia presencial ou non se asistiu a clase. Nestes casos, a parte A será un exame sobre os contidos da materia (50%) e a parte B é un traballo proposto pola docente (50%). O alumnado ha contactar coa docente para ter información sobre o tipo de traballo a realizar. Este tipo de avaliación será tamén empregada para a **segunda convocatoria**.

De non ter superada a materia na primeira convocatoria, as competencias non adquiridas serán avaliadas na convocatoria de xullo.

Cómpre aprobar o apartado A e o B para superar a materia en calquera das convocatorias (acadar polo menos 2,5 en cada parte).

As datas oficiais dos exames pódense consultar na web do máster:

[http://mpe.uvigo.es/index.php?option=com\\_content&view=article&id=51&Itemid=170&lang=es](http://mpe.uvigo.es/index.php?option=com_content&view=article&id=51&Itemid=170&lang=es)

### Bibliografía. Fontes de información

#### Bibliografía Básica

Gomez, H., **Educación Física y atención a la diversidad**, La tierra hoy, 2009

Hernández Alvarez, J. L., Velázquez Buendía, R., y Aguado, R., **La educación física a estudio: El profesorado, el alumnado y los procesos de enseñanza**, Graó, 2010

Jiménez Martín, P. J., **Manual de estrategias de intervención en actividad física, deporte y valores**, Síntesis, 2008

Ureña, F., **La educación física en secundaria basada en competencias**, INDE, 2010

#### **Bibliografía Complementaria**

Prades, J. y Oriol, M., **Los retos del multiculturalismo: en el origen de la diversidad**, Encuentro, 2009

Toconás, S. G., **Contribuciones para una epistemología de la educación física**, 2010

#### **Recomendacións**

##### **Materias que continúan o temario**

A Didáctica da Educación Física: Deseño e Desenvolvemento do Currículo/P02M066V03214

A Didáctica da Educación Física: Elementos Curriculares/P02M066V03215

Prácticas Externas/P02M066V03301

##### **Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

Innovación Docente e Iniciación á Investigación Educativa na Educación Física/P02M066V03216

##### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Deseño Curricular e Organización de Centros Educativos/P02M066V03103

#### **Plan de Continxencias**

##### **Descrición**

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

\* Metodoloxías docentes que se manteñen

Para o curso 2020-2021, non hai modificacións significativas nas metodoloxías nos tres escenarios docentes previstos. A única adaptación resaltable é a relativa ao seu modo de execución. Dentro do posible escenario de ensinanza mixta ou semipresencial, as metodoloxías levaríanse a cabo de modo semipresencial e virtual. Por outra banda, no escenario de ensinanza a distancia, as metodoloxías previstas adaptaríanse a unha modalidade de execución virtual.

\* Metodoloxías docentes que se modifican

Non se modifica a dinámica propia de ningunha metodoloxía docente, excepto a súa modalidade de execución.

\* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

Levarase a cabo con medios telemáticos, baixo a modalidade de concertación previa.

\* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

\* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

A bibliografía adicional será proporcionada ao longo do desenvolvemento da materia.

\* Outras modificacións

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

\* Probas xa realizadas

\* Probas pendentes que se manteñen

Todas as probas propostas na guía docente para as vindeiras convocatorias, mantéñense en calquera das tres modalidades de ensinanza previstas: presencial, mixta e a distancia, para o curso 2020-21.

Os criterios de avaliación se manteñen, tanto para o alumnado asistente, coma para o non asistente.

Os procedementos ou tipoloxía de probas de avaliación, tampouco se modifican no seu contido, pero si no seu modo de execución, no caso dos dous potenciais escenarios docentes extraordinarios previstos.

\* Probas que se modifican

\* Novas probas

\* Información adicional

---

**DATOS IDENTIFICATIVOS****A Didáctica da Educación Física: Deseño e Desenvolvemento do Currículo**

Materia	A Didáctica da Educación Física: Deseño e Desenvolvemento do Currículo			
Código	P02M066V03214			
Titulación	Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade: Ciencias Experimentais. Educación Física			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Didácticas especiais			
Coordinador/a	Fernández Manero, Daniel			
Profesorado	Fernández Manero, Daniel Vicente Vila, Pedro			
Correo-e	daniel24@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral				

**Competencias**

Código	
C14	Coñecer o valor formativo e cultural das materias correspondentes á especialización.
C15	Coñecer os contidos que se cursan nos respectivos ensinos.
C16	Coñecer a historia e os desenvolvementos recentes das materias e as súas perspectivas para poder transmitir unha visión dinámica das mesmas.
C17	Coñecer contextos e situacións en que se usan ou aplican os diversos contidos curriculares
C18	Coñecer os desenvolvementos teórico-prácticos do ensino e a aprendizaxe das materias correspondentes.
C19	Transformar os currículos en programas de actividades e de traballo.
C20	Adquirir criterios de selección e elaboración de materiais educativos.
C21	Fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e poña en valor as achegas dos estudantes
C22	Integrar a formación en comunicación audiovisual e multimedia no proceso de ensino-aprendizaxe.
C23	Coñecer estratexias e procedementos de avaliación e entender a avaliación como un procedemento de regulación da aprendizaxe e estímulo ao esforzo.
C24	Coñecer e aplicar propostas docentes innovadoras no ámbito da especialización cursada.
C25	Analizar críticamente o desempeño da docencia, das boas prácticas e da orientación utilizando indicadores de calidade.
C26	Identificar os problemas relativos ao ensino e a aprendizaxe das materias da especialización e expor alternativas e solucións.
C27	Coñecer e aplicar metodoloxías e técnicas básicas de investigación e avaliación educativas e ser capaz de deseñar e desenvolver proxectos de investigación, innovación e avaliación.
D1	Utilizar bibliografía e ferramentas de procura de recursos bibliográficos xerais e específicos, incluíndo o acceso por Internet.
D2	Xestionar de forma óptima o tempo de traballo e organizar os recursos dispoñibles, establecendo prioridades, camiños alternativos e identificando erros lóxicos na toma de decisións.
D3	Potenciar a capacidade para o traballo en contornas cooperativas e pluridisciplinarias

**Resultados de aprendizaxe**

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Adquirir a capacidade para desenvolver con éxito todos os aspectos relacionados co currículo de Educación Física nas etapas da ESO e Bacharelato	C17 C18 C19 D1
Coñecer en profundidade o currículo de Educación Física na ESO e Bacharelato	C17 C18
Coñecer os diferentes contidos do currículo de Educación Física na ESO e o Bacharelato	C14 C15 C16 C17 C19 C20 C21
Coñecer e recoñecer o proceso de ensino-aprendizaxe e avaliación en Educación Física	C21 C22 C23
Aprender o papel docente no ámbito da Educación Física, adecuando as metodoloxías ás necesidades do alumnado aplicando unha perspectiva de innovación, creatividade e investigación	C22 C24 C25 C26 C27 D2 D3

### Contidos

Tema	
1. Aproximación á idea de didáctica da E.F.	O concepto de E.F. como base ao desenvolvemento da súa Didáctica específica
2. O marco curricular na E.F.	O papel educativo da E.F. O currículo de E.F. Perspectivas curriculares
3. Deseño e desenvolvemento curricular en E.F.	Xustificación da área de E.F. Valoración crítica. A contidos da área de E.F. Aspectos organizativos e de xestión ao redor da E.F. A acción educativa relacionada coa E.F.
4. As adaptacións curriculares en E.F.	Adaptacións nos elementos de acceso ao currículo; espazos, materiais e comunicación. Adaptacións nos elementos básicos do currículo; obxectivos, contidos e avaliación
5. Transversalidade e currículo	Temas transversais e E.F.
6. Contorna e aprendizaxe en E.F.	Aproximación histórica á contorna de aprendizaxe en E.F. A contorna arquitectónica. Os materiais de aprendizaxe. Contorna e coeducación. Contorna e necesidades educativas especiais

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballo tutelado	25	45	70
Lección maxistral	5	0	5
Presentación	5	0	5
Seminario	25	45	70

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Traballo tutelado	O/A estudante, de maneira individual ou en grupo, elabora un documento sobre a temática da materia ou prepara seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias, etc., na que deberá desenvolver as súas competencias académicas para realizalos.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio que o/a estudante ten que desenvolver.



Presentación	Exposición por parte do alumnado ante o/a docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto... Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo.
Seminario	Actividade enfocada ao traballo sobre un tema específico, que permite profundar ou complementar os contidos da materia. Pódense empregar como complemento das clases teóricas.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	Traballo en seminario os contidos da materia. Recoméndase ao alumnado que asista ao horario de tutorías para resolver as dúbidas. Usaranse os medios telemáticos para a realización das tutorías: email, videoconferencia, foros de Fatic, despacho virtual do Campus Remoto (Daniel Fernández Manero nº 828; Pedro Vicente Vila nº 2704) baixo o mecanismo de cita previa, etc.
Traballo tutelado	Traballos tutelados de cariz autónomo. Recoméndase ao alumnado que asista ao horario de tutorías para resolver as dúbidas. Usaranse os medios telemáticos para a realización das tutorías: email, videoconferencia, foros de Fatic, despacho virtual do Campus Remoto (Daniel Fernández Manero nº 828; Pedro Vicente Vila nº 2704) baixo o mecanismo de cita previa, etc.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Traballo tutelado	Presentación nos prazos. Contido adecuado. Calidade académica	50	C14	D1
			C15	D2
			C16	D3
			C17	
			C18	
			C19	
			C20	
			C21	
			C22	
			C23	
